

A hand pointing upwards is centered in the background of a blue gradient. Overlaid on this is a network diagram consisting of several circular nodes, each containing a person icon, connected by thin lines. The nodes are arranged in a roughly circular pattern around the hand.

PLAN DIGITAL

CPR Daniel Castela

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro.
Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CPR DANIEL CASTELAO

Dirección: Avda. García Barbón, 48, 36201, Vigo

Correo: secretaria@danielcastelao.org

Páxina web: www.danielcastelao.org

Etapas educativas

- Ciclos Formativos de Grao Básico: Electricidade e Electrónica, Servizos Administrativos.
- Ciclos Formativos de Grao Medio: Instalacións Eléctricas e Automáticas, Xestión Administrativa.
- Ciclos Formativos de Grao Superior: Administración e Finanzas, Administración de Sistemas Informáticos en rede, Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma.
- Ciclos Formativos modalidade a Distancia: Desenvolvemento de Aplicacións Web.

Nº de alumnado no curso 2021-2022: 352 alumnos

Nº de profesorado no curso 2021-2022: 27 profesores

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A área de influencia de Vigo comprende os seguintes municipios: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mós, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior e a totalidade da comarca de Vigo. Os sectores produtivos máis importantes son: - Pesca - Construción

naval - Conserveiro - Automóbil - Maquinaria e produtos metálicos - construción - Transporte - Granito - Téxtil - Servizos Segundo un estudo realizado pola Fundación Provigo y su Área, os sectores representativos da economía viguesa como pesca, automóbil, maquinaria e produtos metálicos e naval, tras presentar síntomas de empeoramento durante os últimos anos, na actualidade están a experimentar discretos síntomas de melloría xunto co sector servizos e da construción. O centro, pola súa localización e polas familias profesionais que nel se imparten, (Electricidade e Electrónica, Informática e Servizos Administrativos) atópase en excelentes condicións para formar futuros/as traballadores/as para os sectores que demanda a sociedade de Vigo e a súa área de influencia.

O CPR Daniel Castelao quere dar resposta ó uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación na sociedade cunha visión máis moderna e segura. Para conseguir a integración das novas tecnoloxías dixitais nos procesos formativos é necesario favorecer e promover o uso de ferramentas dixitais e mellorar a competencia dos membros da comunidade educativa

1.3. Breve xustificación do mesmo

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de Dinamización do Plan Dixital está formado polo Equipo Directivo (Directora e Xefe de Estudos), o coordinador TIC e dous profesores moi involucrados nas novas tecnoloxías. Nas reunións celebradas elaboráronse estratexias para organizar os medios e os recursos para orientar ó profesorado sobre as novas ferramentas e axudar a integración das TIC para o desenvolvemento das competencias básicas.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A nosa infraestrutura consiste en:

- *Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: o centro conta tanto con unha conexión cableada (con dous ISPs diferentes en caso de fallo nun deles) e unha rede sen fíos.*

- *Equipamento dispoñible e identificación dos usos:*
 - *todas as aulas contan cun equipo informático para o profesor, un proxector, sistema multimedia de autofalantes e cámara web.*
 - *Hai 6 equipos de xestión e administración.*
 - *Temos 5 equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos.*
 - *Dispoñemos de 30 equipos portátiles para aula móbil,*
 - *4 aulas de informática de 30 postos cada unha e 3 talleres de 20 equipos.*

- *Servizos dixitais educativos: os servizos non corporativos que facilitan a xestión docente son:*
 - *Plataforma educativa Esemtia.*
 - *Aula virtual en Moodle.*
 - *Google for Education: contas de correo para alumnado e profesorado, Meet para videoconferencias.*

- *Xestión do mantemento do equipamento do centro: encárgase a unha empresa externa.*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

1.1.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Direct.				3,3	
	Profesorado				3,7	
	Alumnado				-	
B- Colaboración e redes	Direct.				3,5	
	Profesorado				3,9	
	Alumnado				3,2	
C- Infraestruturas e Equipos	Direct.				4,1	
	Profesorado				4,2	
	Alumnado				4,0	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Direct.				4,1	
	Profesorado				4,4	
	Alumnado				-	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Direct.				4,3	
	Profesorado				4,3	
	Alumnado				4,4	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Direct.				3,5	
	Profesorado				3,8	
	Alumnado				3,8	
G- Prácticas de avaliación	Direct.				3,4	
	Profesorado				3,8	
	Alumnado				3,8	
H- Competencias dixitais do alumnado	Direct.				3,8	
	Profesorado				4,1	
	Alumnado				3,8	

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>17</u>	<u>24</u>	<u>70,80%</u>
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>87,1</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do	Nivel de competencia	Puntuación media do	Nivel de competencia
--	---------------------	----------------------	---------------------	----------------------

	test (sobre 192)		test en Galicia (sobre 192)	en Galicia
ESO				
BAC				
F.P	89,4	<i>Integrador/a (B1)</i>	80,3	<i>Integrador/a (B1)</i>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	
A2	6	33,3 %
B1	6	33,3 %
B2	3	16,7 %
C1	3	16,7 %
C2	0	
TOTAL	18	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Aceso a internet - Dispositivos dixitais para a aprendizaxe - Traer o propio dispositivo 	<ul style="list-style-type: none"> - Asistencia técnica - Fenda dixital (medidas para identificar retos) - Base de datos de provedores de formación
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - A comunicación coa comunidade educativa e os recursos educativos en liña - Adaptación ás necesidades do alumnado - Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe 	<ul style="list-style-type: none"> - Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo - Autoreflexion sobre a aprendizaxe - Proxectos interdisciplinares
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - As novas modalidades de ensinaza 	<ul style="list-style-type: none"> - Participación das empresas na estratexia
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación e a súa capacidades para melloralas - Habilidades dixitais para diferentes materias 	<ul style="list-style-type: none"> - Dispositivos dixitais para a aprendizaxe - Retroalimentación axeitada
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías asistenciais 	<ul style="list-style-type: none"> - Dispositivos dixitais para a aprendizaxe
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - Novas modalidades de ensino 	<ul style="list-style-type: none"> - Espazos físicos
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Estratexia dixital 	<ul style="list-style-type: none"> - Estratexia dixital
EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS

CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- Infraestructura	- Dispositivos dixitais para a aprendizaxe
	LEXISLACIÓN	- Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso	- Protección de datos
	CONTORNA	- Fenda dixital: medidas para identificar dificultades	- Fenda dixital: apoio para abordar dificultades
	ANPA	Non procede	Non procede
	OUTRAS ENTIDADES	- Sinerxias	- Base de datos de provedores de formación

3. Plan de Acción

A partires dos resultados do SELFIE, o TCDD e o DAFO, elaboramos un plan de acción intentando aproveitar as fortalezas para mellorar certas debilidades. O obxectivo é que ó final do próximo ano teñamos melloras significativas na competencia dixital tanto do alumnado como dos docentes. Estas melloras serán acadadas con maior facilidade dependendo do presuposto que se poida acadar.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Elaboraramos o Plan de Acción a partir da análise DAFO. Establecemos as áreas prioritarias e determinamos os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir.

Indicaremos tamén:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- Determinaremos as accións para conseguir cada obxectivo, elixiremos os responsables das mesmas, acordaremos unha temporización e determinaremos os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información, que se amosan a continuación.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As principais necesidades de equipamento pasan por aumentar o número de postos a disposición dos usuarios, e un aumento significativo da velocidade e ancho de banda la rede wifi do centro, dado que o volume de usuarios é moi alto.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Formación dixital						
OBXECTIVO 1 (1):	Mellorar a formación Dixital do persoal do Centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº Plans de formación en diferente tecnoloxías dixitais					
Valor de partida (3)	1 formación anual					
Valor previsto e data (4)	3 formacións anuais			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Planificación das formación a desenvolver	Equipo Directivo	Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Formación Sistema Comunicación as familias (Esemtia)	Xefatura de Estudos	Novembro 2022	Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: : Formación avanzada AV (Moodle)	Equipo TIC	Novembro 2022	Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Infraestrutura						
OBXECTIVO 2 (1):	Aumentar Aulas de Ordenadores (Portátiles) non fixas				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº Aulas de Ordenadores (Portátiles)					
Valor de partida (3)	1					
Valor previsto e data (4)	2			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Planificar Material a adquirir	Equipo directivo	Outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Adquisición de ordenadores portátiles	Xerencia	1º trimestre	Dotación económica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Instalación do Software e preparación dos portátiles	Empresa mantemento informático	Xaneiro 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Infraestructura						
OBXECTIVO 3 (1):	Mellorar a infraestrutura de rede				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Grao de satisfacción de alumnado e profesorado coa conexión a internet					
Valor de partida (3)	3 switches Unifi de 48 portos					
Valor previsto e data (4)	6 switches Unifi de 48 portos			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Planificación de compras a realizar	Equipo directivo	Outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Adquisición de switches	Xerencia	1º - 2º trimestre	Dotación económica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Instalación e configuración do novo HW	Empresa mantemento informático	Abril 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento**

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Para avaliar o alcance e eficacia do Plan se realizarán as seguintes actuacións:

- Enquisa de satisfacción ós alumnos dos materiais TICs e o seu aproveitamento
- Enquisa de satisfacción ós profesores sobre o progreso alcanzado nas materias e áreas
- Observacións por parte do Equipo Directivo relativas ó uso e optimización de medios contemplados no Plan

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o plan polo consello escolar do centro, difundirase a través das plataformas de comunicación das que dispoñemos: Esemtia, RRSS e páxina web do centro.